

MODELO DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN PARA PROXENITORES NON CUSTUDIOS

1 Consideracións particulares sobre os proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo

Os proxenitores que ostenten a patria potestade teñen dereito a estar informados do proceso de aprendizaxe dos seus fillos. Xa que logo, **o centro está obrigado a garantir a posta a disposición da información solicitada relativa ao proceso educativo dos menores** seguindo o procedemento que se reflicte a continuación:

- **O proxenitor que non ostente a garda e custodia deberá solicitar esta información por escrito ao centro**, acompañando a esta solicitude, se o centro non conta con ela, de copia fidedigna da resolución xudicial na que se recolla que se ostenta a patria potestade acompañada dunha declaración responsable de que non se teñen producido variacións respecto a dita resolución xudicial.
- **Nos supostos en que o centro xa conte coa resolución xudicial**, o proxenitor non custodio deberá remitir unicamente a solicitude acompañada da declaración responsable de que non se teñen producido variacións respecto a dita resolución xudicial, identificando correctamente a resolución xudicial co seu número e data.

Os proxenitores deberán comunicar ao centro educativo calquera modificación das medidas xudiciais que afecten á patria potestade ou á custodia dos menores, coa maior brevidade posible. Este dereito de acceso á información sobre os menores vén determinado pola patria potestade, polo que só asiste con carácter xeral ás persoas que a ostentan, pero non a outros familiares ou persoas que poidan intervir no coidado dos menores, como familiares ou novas parellas dos proxenitores. Porén, os proxenitores poden autorizar a que calquera persoa, xa sexa un familiar ou a nova parella dalgún dos proxenitores teña acceso á información sobre o menor. Non se facilitará ningún tipo de información relativa aos menores ás persoas privadas xudicialmente da patria potestade sobre o alumno ou alumna

A modo de exemplo enumérase a seguinte información que debe ser subministrada a ambos proxenitores (sempre que aquel que non ten a garda e custodia pero si a patria potestade teña manifestado a súa vontade de ser informado): cualificacións escolares, finais e trimestrais, informe psicopedagóxico, convocatorias trimestrais, xerais e individuais a reunións de titoría, calendario escolar, programa de actividades complementarias e extraescolares, urxencias médicas de carácter grave (que requiran atención sanitaria) acaecidas ao alumno en horario escolar, ausencias e o seu carácter de xustificadas ou non e demais aspectos sobre a educación e progreso académico dos fillos/as

2 Declaración responsable

D^a./D..... con DNI/NIE
nai/pai do alumno/a matriculado en

SOLICITO RECIBIR INFORMACIÓN relativa ao proceso educativo do meu fillo/a durante o presente curso, polo que DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE SON CERTAS AS SEGUINTE AFIRMACIÓNS:

1. Lin e comprendo a información presente no apartado 1 deste documento, extraída do Protocolo de Protección de Datos da Xunta de Galicia (versión 1.0: abril 2016).
2. Posúo a patria potestade do meu fillo/a na actualidade.
3. Non ostento a garda e custodia do meu fillo/a na actualidade.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA (marcar unha das opcións)

Con este documento achego **copia fidedigna da resolución xudicial** na que se recolle que ostento a patria potestade. Marcando esta opción declaro responsablemente que non se produciron variacións respecto a dita resolución.

O centro xa conta cunha resolución xudicial na que se recolle que ostento a patria potestade:

- **Identificación da resolución (con número e data):**

Marcando esta opción declaro responsablemente que non se teñen producido variacións respecto a dita resolución

OBSERVACIÓNS:

SINATURA:

En de de